

EXPEDIENTE 333/2025: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN Á SOCIEDADE GALEGA DE HIPERTENSIÓN ARTICULADA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO E OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Visto o expediente instruído para a concesión da subvención á Sociedade Galega de Hipertensión , en concepto de axuda co obxecto de contribuír cos gastos que necesarios para a organización e desenvolvemento do trixésimo primeiro Congreso da sociedade Galega de Hipertensión , que se celebrará nos días 26 e 27 de setembro do 2025.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de subvención nominativa presentada pola Sociedade o día 7 de maio de 2025 (Rexistro nº 618)
- Proposta da presidencia do O.A Terra de Sanxenxo e a xustificación da concesión da subvención directa.
- Borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Sociedade Galega de Hipertensión para regular o outorgamento da subvención.
- Solicitud da presidencia para a emisión do informe de control financeiro de intervención.
- O informe de fiscalización emitido pola intervención xeral municipal do 30 de xunio do 2025 no que se informa favorablemente o outorgamento dunha subvención de 3.600 euros á Sociedade Galega de Hipertensión , tramitándose a subvención a través do O.A Terra de Sanxenxo.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia, resolve:

PRIMERO: Aprobar o Convenio entre o O.A. Terra de Sanxenxo e a Sociedade Galega de Hipertensión para regular o outorgamento dunha subvención para a posta en marcha e organización e desenvolvemento do trixésimo primeiro



O.A. Terra de Sanxenxo

Congreso da sociedade Galega de Hipertensión , que se celebrará nos días 26 e 27 de setembro do 2025 no Concello de Sanxenxo, que consta de 8 cláusulas , asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena todas elas.

SEGUNDO: Conceder a subvención de tres mil seiscientos (3.600) euros á Sociedade Galega de Hipertensión para a organización e desenvolvemento do trixésimo Congreso da Sociedade Galega de Hipertensión , que se celebrará nos días 26 e 27 de setembro do 2025.

Esta subvención se suxeitará a todas as regras de xustificación das subvencións establecida na lexislación vixente.

TERCERO: Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da plataforma informática correspondente, o outorgamento da subvención.

CUARTO: a remisión da presente resolución á Sociedade Galega de Hipertensión para os efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELETRONICAMENTE

